

A/At. Decana/Decano
Presidenta/Presidente

Santiago de Compostela, 29 decembro de 2023

Unión Profesional de Galicia, principia as súas actividades 2024, sendo a de recoñecemento ós nosos profesionais colexiados das primeira en levarse a cabo.

No ano 2019 a nosa Asemblea Xeral acordou convocar a primeira edición dos **Premios Profesional Colexiado do Ano**, para recoñecer a traxectoria e o traballo dun profesional de cada unha das profesións integradas na nosa asociación.

Pór en valor a excelencia dos profesionais colexiados que exercen en Galicia, visibilizar e recoñecer as súas traxectorias profesionais na prestación dos seus servizos, contribuír ó prestixio da súa profesión traballando pra transmitir á sociedade galega os valores das mellores prácticas profesionais, sempre por enriba de intereses particulares, é o labor destes galardóns.

O acto de entrega da edición 2023, témola prevista en abril/maio. Tal coma se comunicou na pasada Asemblea Xeral, debedes enviarnos proposta de candidato (un por profesión), pra ser validadas na Asemblea Xeral do mes de febreiro/marzo.

Prégoche trates, na correspondente Xunta/Asemblea Xeral do teu colexio, este asunto canto antes pra estar en prazo, envías a proposta de galardoado antes do 15 de febreiro.

Póñoome á túa disposición e quedo a espera de resposta, recibe un cordial e afectuoso saúdo.



Antonio Macho Senra
Presidente